
PROXECTO MEMORIA DEMOCRÁTICA

DIXITALIZACIÓN DE FONDOS DOCUMENTAIS
CUSTODIADOS NOS ARQUIVOS HISTÓRICOS DA XUNTA DE
GALICIA



Os Arquivos Históricos da Xunta de Galicia



- ❖ Arquivo de Galicia
- ❖ Arquivo do Reino de Galicia
- ❖ Arquivo Histórico Provincial de Lugo
- ❖ Arquivo Histórico Provincial de Ourense
- ❖ Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra



- ❖ O Arquivo de Galicia é un arquivo de titularidade e xestión autonómica

- ❖ O Arquivo do Reino de Galicia e os arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra son centros de titularidade estatal e xestión transferida á Comunidade Autónoma de Galicia dende o ano 1989 a través do Convenio entre o Ministerio de Cultura e a Xunta de Galicia (Resolución do 14 de decembro de 1989, polo que lles da publicidade aos convenios, BOE núm. 303, do 19 de decembro).

- ❖ Entre as súas funcións están as de conservación e divulgación dos fondos documentais que custodian, pero tamén a de facilitar o dereito de acceso por medio de instrumentos de consulta accesibles para todas as persoas interesadas

- ❖ Forman parte do Sistema de Arquivos de Galicia
 - O Arquivo de Galicia ten carácter de arquivo intermedio e histórico de ámbito galego
 - O Arquivo do Reino de Galicia e os arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra
 - Teñen carácter de arquivo histórico cando son receptores de documentos producidos pola Administración autonómica
 - Teñen carácter de arquivo intermedio e histórico cando se trata de documentos producidos pola Administración periférica do Estado.



O Arquivo de Galicia

- ❖ Custodia os documentos producidos pola Xunta de Galicia e polos seus órganos dependentes dende a súa creación no ano 1982.
- ❖ En febreiro de 2008 créase a Subdirección Xeral do Arquivo Nacional de Galicia, que terá entre outras funcións a de arquivo histórico do Subsistema de Arquivos da Xunta de Galicia (Decreto 17/2008, do 7 de febreiro, DOG núm. 35, do 19 de febreiro).
- ❖ A creación oficial do arquivo realízase mediante o Decreto 207/2010, do 10 de decembro (DOG núm. 246, do 24 de decembro)



O Arquivo do Reino de Galicia

- ❖ Créase no ano 1775 para custodiar a documentación producida pola Real Audiencia de Galicia, convertida máis tarde en Audiencia Territorial da Coruña. (Real cédula do 22 de outubro do rei Carlos III, de creación, coa denominación de Arquivo Público e Xeral de Galicia).
- ❖ Dende finais do século XIX e, sobre todo, a partir do século XX, recibirá tamén documentación doutras institucións de ámbito territorial galego.
- ❖ Ten asignado o papel de Arquivo Histórico Provincial da Coruña para os documentos da Administración central periférica, primeiro, e autonómica, despois.



Os arquivos históricos provinciais

- ❖ Créanse a partir da publicación do Decreto conxunto dos Ministerios de Xustiza e Instrución Pública e Belas Artes do 12 de novembro de 1931 coa finalidade de recoller os protocolos notariais de mais de cen anos de antigüidade da súa provincia.
- ❖ Progresivamente foron recibindo, a través de transferencias documentais, outros documentos como os dos órganos xudiciais provinciais ou os das administracións central e autonómica na súa provincia.



- ❖ O **Arquivo Histórico Provincial de Lugo** foi creado pola Orde do Ministerio de Educación Nacional, do 10 de maio de 1951.
- ❖ O **Arquivo Histórico Provincial de Ourense** creouse no ano 1943. Foi recoñecido xuridicamente no ano 1977, co Real decreto 1192/1977, do 28 de marzo, polo que se recoñecen como arquivos históricos os depósitos actualmente existentes en varias provincias, así como o Histórico Provincial e Universitario de Valladolid e o Histórico de Mahón (BOE núm. 129, do 31 de marzo).
- ❖ No ano 1932 constituíuse o padroado fundacional do **Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra**. No ano 1934 ingresa o primeiro protocolo notarial.



Fondos documentais custodiados nos arquivos



Nos arquivos conviven dous tipos de fondos: públicos e privados.

❖ Fondos públicos:

- Son maioritarios
- O seu ingreso faise a través de transferencias documentais
- Proceden dos diversos tipos de administración existentes: Administración de xustiza, central, autonómica, municipal, corporativa...

❖ Fondos privados:

- Adquiridos a través de compra (ben polo Estado ou pola Xunta de Galicia), doazóns ou comodatos realizados por particulares
- Son documentos de persoas e familias, empresas, asociacións ou fundacións



- ❖ A partir do ano 1969 a documentación producida polos servizos provinciais da administración do estado ou a institucional deberá ser remitida aos arquivos históricos, que cumprirán no ámbito provincial as competencias de arquivos intermedios. (artigo 5 do Decreto 914/1969, do 8 de maio, de creación do Arquivo Xeral da Administración Civil).
 - Neste contexto, os arquivos comezan a recibir fondos documentais de ámbito provincial e de carácter rexistral, xudicial e da Administración central periférica: contadorías de hipotecas, tribunais laborais da provincia, delegacións de Facenda, delegacións provinciais de Educación, Goberno Civil, delegacións provinciais de Organización Sindical....

- ❖ Coa nova organización territorial do Estado español en comunidades autónomas e a creación da Xunta de Galicia
 - Os arquivos históricos provinciais e o Arquivo do Reino de Galicia reciben ademais por transferencia os documentos producidos pola Administración territorial de Galicia das súas provincias.
 - O Arquivo de Galicia recibe os documentos procedentes dos distintos órganos da Xunta de Galicia ou das entidades públicas dependentes dela cun ámbito territorial superior a unha provincia, así como os documentos dos organismos, institucións e entidades públicas de ámbito autonómico dependentes da Xunta de Galicia que fosen suprimidos con independencia da súa antigüidade, e calquera outro fondo de carácter público ou privado de interese xeral para a comunidade autónoma



Fondos documentais da Memoria Democrática



Documentos relacionados cos episodios históricos do golpe de Estado, Guerra civil española e ditadura franquista. Destacan, entre outros:

- Fondos documentais das Institucións do Movemento Nacional instauradas a partir do alzamento militar de 1936:
 - Xefaturas comarcais / locais do Movemento
 - Xefaturas comarcais / locais da Falanxe
 - Delegacións provinciais do Fronte de Xuventudes
 - Delegacións provinciais da sección Feminina
 - Delegacións provinciais de excombatentes
- Tribunais de responsabilidades políticas
- Prisións provinciais
- Goberno Civil
- Fondos privados de persoas e familias, empresas, asociacións e fundacións...



Institucións do Movemento Nacional

- ❑ A **Falanxe Española** é un partido fundado por José Antonio Primo de Rivera en outubro de 1933. En febreiro de 1934, froito da fusión coas Xuntas Ofensivas Nacional Sindicalistas (XONS), xorde a FE das XONS, partido ao que se irán agregando pequenos partidos fascistas a longo do tempo.
- ❑ A **Sección Feminina** foi fundada no 1934 dentro da Falanxe Española e das XONS. Antes da Guerra Civil tivo a misión de atención a presos políticos e ás súas familias e de recadar fondos para facer propaganda e distribuíla por España. Como o resto de organizacións de Falanxe, a partir do Decreto de unificación pasa legalmente a formar parte do aparato do Estado. Nos Estatutos de FET e das XONS de 1937 aparece xa configurada como Delegación Nacional. No 1939 defínense a súa estrutura e funcións e adscríbese o servizo social da muller. En xeral, será competente en todo o relacionado coa formación e educación da muller.
- ❑ O Movemento contou sempre cunha **Delegación Nacional** dedicada ao encadramento da Xuventude: primeiro, coa denominación de organizacións xuvenís (ata 1940); despois, como Fronte de Xuventudes (1940-1970); e de 1970 a 1977, como Delegación Nacional da Xuventude. Coa excepción dos primeiros anos, acolle unicamente a xuventude masculina, mentres que as mozas quedan en mans da Sección Feminina. A Lei de decembro de 1940 que institúe a Fronte de Xuventudes marca como obxectivos a “educación política, física e deportiva, cultural, moral, social e relixiosa” da xuventude española. Conta co monopolio do control sobre a docencia das disciplinas de Educación Política, Física e Deportiva a través dun Servizo Nacional de Instrutores, funcionarios da Fronte de Xuventudes que imparten esas ensinanzas nos centros de bacharelato, xestionan os centros propios da delegación (colexios menores, residencias, etc) e serven de dirixentes na organización xuvenil.
- ❑ A **Sección Naval da Fronte de Xuventudes** ten o seu antecedente durante a Guerra Civil, momento en que xorden escolas de frechas navais ao abeiro dos movementos asociativos xuvenís que apareceron na Europa de entre guerras. Nacen a imitación de organizacións similares de adultos, neste caso para formar politicamente a mocidade española nos principios do Movemento e encamiñar as súas afeccións cara ao servizo militar na Mariña ou a actividades náutico-pesqueiras.



Tribunais de responsabilidades políticas

- ❖ A sublevación militar de 1936 supuxo un cambio importante na lexislación xudicial, xurdindo unha xurisdición especial encargada de incautar todos os bens mobles e inmobles, documentos... dos partidos e agrupacións políticas e sociais que foron declarados fóra da Lei por ser contrarios ao Movemento Nacional (Decreto 108 da Junta de Defensa Nacional, do 13 de setembro de 1936).
- ❖ Para poñer en marcha este procedemento institúese unha Comisión Central Administradora de Bens Incautados polo Estado, creando en cada capital de provincia unha Comisión de Incautación de Bens que será a encargada de acordar que un xuíz, nomeado para o efecto, instrúa un expediente de responsabilidade civil polo que podería decretar o embargo dos bens dos inculpados



Prisións provinciais

- ❖ as prisións provinciais e de partido desempeñaban a función de cabezas da rede carcelaria provincial, exerciendo control sobre as de partido. Isto refléxase na documentación xerada por éstas, como os informes elevados á prisión Provincial sobre o número e estado da poboación reclusa das de partido, sobre a administración económica ou sobre os edificios e mobiliario.
- ❖ Prisión habilitada do Cumial: campo de traballo nas aforas de Ourense, que se ocupaba dos reclusos nas obras de acondicionamento do campo de tiro e o cuartel militar.
- ❖ Destacamento penal das Minas de Casio: dependencia penitenciaria operativa entre novembro de 1942 e inicios de xullo de 1944 dedicada a la extracción de un mineral tan importante para industria bélica como el wolframio. A partir dela podemos achegarnos ás actividades e réxime penitenciario deste tipo de establecementos nos que unha parte da poboación reclusa redimía as súas penas a través do traballo en explotacións mineiras.
- ❖ Destacamento Penal de Santo Estevo de Ribas de Sil
- ❖ Prisión e Reformatorio de Oseira



Goberno Civil

- ❖ O Goberno Civil é a institución capital da organización periférica do Estado na Idade Contemporánea. A Constitución de Cádiz divide o territorio en provincias e coloca ao seu fronte un “xefe superior”, con competencias de orde pública, que presidiría a Deputación Provincial. Dende mediados do século XIX, o gobernador civil xa dirixe toda a administración civil do Estado no ámbito da provincia. No franquismo, o gobernador civil asume grandes cotas de poder polo seu control da orde pública. Nos anos 80 aparece o delegado do Goberno en cada comunidade autónoma como representante permanente do Goberno e como xefe dos servizos periféricos da administración civil do Estado. Finalmente, coa lei 6/1997, de 14 de abril, os gobernos civis suprimense e se transformarán en Subdelegacións do Goberno nas provincias dependentes xerárquicamente das delegacións existentes nas comunidades autónomas, perden o seu carácter político e teñen un funcionario de carreira ao seu fronte.
- ❖ Documentos destacados: expedientes de asociacións profesionais, sindicais e políticas. Expedientes de incautacións. Expedientes de depuración de funcionarios (da Administración local, maestros..). Libros rexistro de buscas e capturas, libros rexistro de arrestados. Partes e informes de orde pública, correspondencia...



Fondos privados

❖ María Barbeito:

- Naceu na Coruña en marzo de 1880, no seo dunha familia da burguesía ilustrada e liberal coruñesa, Procedía dun ambiente culto e liberal - o seu pai, Avelino Barbeito Hermosilla é poeta en galego e castelán e participa no movemento cultural do seu tempo - , e o seu matrimonio con Juan Martínez Morás, figura eminente do Rexurdemento cultural galego, non faría senón potenciar a súa relación coa cultura e cos círculos culturais coruñeses da época. En 1901, accede por oposición, co número 1, ao corpo de Mestres Nacionais, acadando praza na Escola Eusebio da Guarda na Coruña.
- En 1936 é depurada, apartada da súa escola e de cantos cargos ocupaba, impedíndoselle voltar a exercer a súa profesión, acusada de "defender derechos de la mujer, estimular la coeducación en la escuela, reclamar una escuela única y libre de prejuicios clasistas, propugnar la educación laica,...".

❖ Santiago Casares Quiroga

- Político español que chegou a ser presidente do Goberno durante a República.
- O fondo documental ingresou no Arquivo do Reino de Galicia por depósito do Estado trala sentenza do 7 de marzo de 1940 do Tribunal Rexional de Responsabilidades Políticas contra Santiago Casares Quiroga, que o declarou incurso en responsabilidade impoñéndolle 15 anos de inhabilitación absoluta, 15 de estranamento e a perda total do seus bens e da nacionalidade



Os documentos custodiados nos arquivos de Galicia están descritos e son accesibles a través de Galiciana, Arquivo Dixital de Galicia

<http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/inicio/inicio.do>



Arquivo de Galicia

Número estimado de imaxes: 1.400

Fondo documental	Series documentais	Datas
Hospital Psiquiátrico de Conxo	Historias clínicas ou expedientes de ingreso de pacientes procedentes de hospitais militares, campos de traballo ou prisións provinciais	1936-1945



Arquivo do Reino de Galicia

Número estimado de imaxes: 51.876

Fondo documental	Datas
Enfermería militar de Labaca	1937-1939
Enfermería militar de Oza	1937-1939
Delegación Provincial de Sección Feminina	1944-1981
Delegación Provincial de Xuventude	1936-1982
Xefatura Comarcal do Movemento de Betanzos	1936-1970
Xefatura Comarcal/Local de Falanxe de Ortigueira	1936-1976
Delegación Provincial da Organización Sindical da Coruña	1942-1976
Sección Naval da Fronte de Xuventudes	1937-1983
Tribunal Rexional de Responsabilidades Políticas	1936-1942



Arquivo do Reino de Galicia

Fondo documental	Series documentais	Datas
Goberno Civil	Índices elaborados polo Negociado de Información	
	Expedientes de asociacións profesionais, sindicais e de partidos políticos	1894-1936
	Relacións certificadas de compoñentes de Concellos e Comisións Xestoras Municipais	1931-1937
	Libro rexistro de buscas e capturas	1931-1942
	Nóminas, expedientes de persoal e incidencias de persoal dos Ministerios Cívís	1934-1949
	Correspondencia (ordes, circulares, oficios...) do Ministerio da Gobernación e outros organismos sobre asuntos de concellos	1936
	Facturas e recibos de material para "Mujeres al servicio de España"	1936
	Expedientes de concellos (aceptacións e renuncias de cargos, soldos, solicitudes e denuncias de veciños...)	1936
	Oficios de Rermisión e relacións de escalafons de funcionarios de concellos	1936
	Libros rexistro de pago de salarios de "Mujeres al servicio de España"	1936-1937
	Expedientes de destitucións e suspensións de persoal ao servizo da Administración Local	1936-1939
	Correspondencia dirixida ao Gobernador Civil	1936-1938



Arquivo do Reino de Galicia

Fondo documental	Series documentais	Datas
Gobierno Civil	Fichas de control de expedientes de Orde Pública	1936-1940
	Recibos da caixa de subscricións a favor dos “Defensores de la Patria” e relación nominal de beneficiarios	1937
	Oficios de emisión de relacións de contribuíntes á “subscrición nacional”	1937-1938
	Libros rexistro de detidos gubernativos	1937-1942
	Libros rexistro de arrestados	1938-1942
	Libros rexistro de reclamados polas autoridades militares	1938-1967
	Libros rexistro de reclamados polas autoridades civis	1953-1967
	Libro auxiliar de pago de subsidios	1939
	Relacións nominais mensuais de detidos gubernativos confinados na provincia da Coruña	1946/ 1955/1961
	Partes informativos sobre arrestados	1951
	Partes e informes de Orde pública	1960
Oficios de petición de Forza Pública para a condución de presos	1960	



Arquivo do Reino de Galicia

Fondo documental	Series documentais	Datas
Asociación Patronal General	Libros de actas da Asociación Patronal General de Galicia	1936-1938
Delegación provincial de Educación	Rexistro de movementos de persoal	1934/1940
	Antecedentes e sancións do persoal docente	1936/1950
Audiencia Provincial	Causas (sobre atentados, propaganda ilegal, sedición...)	
Fábrica de Tabacos da Coruña	Expedientes do Persoal	
	Correspondencia	
	Relacións de persoal afecto á Fabrica e á sua situación a 1 de xaneiro de 1939	1939-1962
	Expedientes sancionadores	1934-1979
Fondos privados: Irmáns Suárez Picallo, María Barbeito, Francisco Iglesias Brage, Santiago Casares Quiroga, Aperribay Pita da Veiga	Expedientes de depuración, correspondencia, mapas da Frente Norte da Guerra Civil, fondo fotográfico	1906/2008



Arquivo Histórico Provincial de Lugo

Número estimado de imaxes: 295.490

Fondo documental	Series documentais	Datas
Xulgado Instrutor Provincial de Responsabilidades políticas	Expedientes administrativos de responsabilidade civil	1932-1962
Xulgado de primeira instancia e instrución de Becerreá	Expedientes de responsabilidade política	1937-1966
Xulgado de primeira instancia e instrución de Monforte de Lemos	Expedientes de responsabilidade política	1936-1949
Xulgado de primeira instancia e instrución de Quiroga	Expedientes de responsabilidade política	1937-1961
Xulgado de primeira instancia e instrución de Ribadeo	Expedientes de responsabilidade política	1942-1943
Prisión Provincial de Lugo	Expedientes de penados	1886-1979



Arquivo Histórico Provincial de Lugo

Fondo documental	Series documentais	Datas
Goberno Civil	Expedientes de Asociaciones	1852-1965
	Correspondencia, telegramas co Ministerio da Gobernación	1932-1936
	Correspondencia asociacións clausuradas sucesos 1934, algunhas rehabilitadas	1934-1935
	Correspondencia (ordenes e circulares)	1936-1971
	Telegramas de orde pública cifrados/sen cifrar	1942-1946
	Persoal da Administración Local	1931-1976
	Celebración “Fiesta del Caudillo” e XVI aniversario do Alzamiento Nacional	1945-1951
	Seguimento manifestacións	1968-1970
	Expedientes de depuración de funcionarios da Administración Local	1937-1962
Ministerio de Información e Turismo	Expedientes de supervisión e control informativo	1938-1940



Arquivo Histórico Provincial de Lugo

Fondo documental	Series documentais	Datas
Sección Feminina Delegación Provincial de Lugo	Expedientes de participación política	1936-1963
	Rexistros de expedientes do Servizo Social	1938-1959
	Correspondencia e certificacións	1938-1959
	Relación de afiliadas	1949-1956
	Expedientes de afiliadas profesoras y / o con cargo	s.d.
	Expediente persoais de prestadoras do Servizo Social	s.d.
	Expedientes de cargos da Rexiduría de Sección Feminina	s.d.
Sección Feminina Delegación local de Ribadeo	Expedientes persoais de afiliadas	1944-1966
Frente de Juventudes	Fichas de afiliados	s.d.
	Expedientes de cargos de la OJE	s.d.
	Expedientes de cargos deo Frente de Juventudes	1936-1976
Organización Sindical de Lugo	Sindicatos verticais	1938-1976
Educación	Expedientes persoais de profesores	s.d.
Fondos privados	Fotografías de Vega	



Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Número estimado de imaxes: 770.175

Fondo documental	Series documentais	Datas
Prisión Provincial de Ourense	Prisión provincial de Ourense	1936-1977
	Prisión habilitada do Cumial	1938-1939
	Destacamento Penal das Minas de Casaio	1942-1947
	Destacamento Penal de Santo Estevo de Ribas de Sil	1952-1954
	Prisión e Reformatorio de Oseira (relacións de detenidos)	1937
Prisión Central de Celanova		1936-1944
Prisións de Partido do Barco de Valdeorras, Carballiño, Celanova, A Pobra de Trives, Verín		1936-1960
Xulgado Provincial Instrutor de Responsabilidades Políticas de Ourense		1937-1960
Xefatura Provincial do Movemento	Expedientes de excombatentes	1939-1970
Goberno civil de Ourense	Orde Pública: Partes da Garda Civil, panfleto comunista, expedientes sobre informes e varios departamentos de policía, de orde pública	1948-1974
Fondos privados: Fondo Luis Soto Fernández, Fondo Lorenzo Fernández	"A Estadea", manuscrito de Otero Pedrayo 1936	1921-1978



Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra

Número estimado de imaxes: 230.590

Fondo documental	Serie documental/documentos	Datas
Gobierno Civil	Incautacións de asociacións culturais e recreativas	1933-1942
	Incautacións de asociacións políticas	1930-1936
	Incautacións de asociacións sindicais / profesionais	1894/1950
Tribunal de Responsabilidades Políticas de Primera Instancia e instrución de Vigo	Expedientes de responsabilidades políticas de Pontevedra	1930-1942
Tribunal de Responsabilidades Políticas de Primera Instancia e instrución de Cambados	Expedientes de responsabilidades políticas de Cambados	1937-1960
Tribunal de Responsabilidades Políticas de Primera Instancia e instrución de Tui	Expedientes de responsabilidades políticas de Tui	1937-1941
Tribunal de Responsabilidades Políticas de Primera Instancia e instrución de Redondela	Expedientes de responsabilidades políticas de Redondela	1940-1961
Hacienda de Pontevedra	Abogacía do Estado, Comisión Provincial de incautacións	1939-1965
Xefatura Provincial do Movemento	Expedientes de constitución de Comisións xestoras / corporacións locais	1936-1950
	Contabilidade / correspondencia	1936-1950
	Expedientes de afiliados, contabilidade e correspondencia	1939-1960
	Movemento de caixa / folla de caixa	1936-1950



Número estimado de imaxes

Arquivo	Número imaxes
Arquivo de Galicia	1.400
Arquivo do Reino de Galicia	51.876
Arquivo Histórico Provincial de Lugo	295.490
Arquivo Histórico Provincial de Ourense	770.175
Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra	230.590
TOTAL IMAXES	1.349.531